

O Casino

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Na asemblea do pasado día 10 de xaneiro renováronse tres postos da Directiva, así como o cargo de Presidente e Tesoureiro/a quedando a súa composición como segue:

Presidente: Ángel Bargiela Bargiela
 Vicepresidente: Rubén Bargiela Rosas
 Secretario: Alberto Bargiela Bargiela
 Tesoureira: Noelia Boente Groba
 Vocais: Manuel Giráldez Represas
 Óscar Giráldez Groba
 José Luis Gómez Reboiro
 Inés Boente Groba
 Belén Groba Represas

As persoas que deixaron a Directiva foron Pablo Carballido Carballido, Montse Groba Represas e María Jesús Carballido Carballido ós que compre agradecerlle a súa adicación á xestión dos asuntos da nosa Asociación Cultural.

Esta Directiva renovada inicia a súa andaina elaborando este boletín do que agora recibides o seu número 0. O seu nome pretende ser unha homenaxe ó noso patrimonio cultural, xa que "O Casino" era o nome que recibía, xa hai anos, o espacio no que se reunían os habitantes do pobo para charlar e divertirse. Sirva tamén como símbolo da nosa intención de loitar por preservar ese patrimonio cultural.

Neste Boletín pretendemos reflexar as actividades programadas para cada trimestre, así como un resumen das actividades xa realizadas. As horas e datas son, lóxicamente, provisionais e serán confirmadas a través do tablón de anuncios con antelación suficiente. Pretendemos tamén que este boletín sexa un marco de participación aberto ás vosas colaboracións (literarias, históricas, gráficas, ...).

Deste xeito, para cada trimestre elaborárase un boletín e convocárase unha asemblea de socios, en resposta ás vosas peticións da última asemblea de máis reunións. Nestas asembleas discutíranse as actuacións do trimestre anterior, co obxecto de melloralas, así como as propostas presentadas para o seguinte trimestre.

A nosa vontade é de integración de tódolos habitantes do pobo polo que facemos unha invitación a facerse socio, motivo polo que este primeiro Boletín (número 0) enviarase a tódalas vivendas do pobo. A partir do seguinte número só se lle mandará a aqueles que sexan socios. Non obstante, entendemos que a Asociación Cultural non debe ser un espacio totalmente pechado ó exterior, xa que persoas que viven fora de Couso poden aportar tamén os seus esforzos na defensa do noso patrimonio cultural, arquitectónico e etnográfico, así como a súa participación enriquecedora nas actividades que organicemos. Quizáis habería que modifica-los nosos Estatutos para fomentar un debate sobre estas cuestións e clarifica-los obxectivos de Asociación Cultural.

Contamos coa vosa participación e esperamos que disfrutedes coas actividades organizadas.

Neste exemplar:

- | | |
|---|-------------------------|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación trimestral |
| 4 | Actividades realizadas |

PROGRAMACIÓN CULTURAL


Sábado, 17 de abril, 21'00 h

Charla sobre voluntariado



Charla sobre o tema voluntariado impartida por Dna. M^a Carmen Alvite Durán, Presidenta da Asociación de Voluntariado "Xente do Tea".

Curso básico de fotografía



Breve repaso ós coñecementos básicos de fotografía cara a mellora-los resultados fotográficos no I Maratón Fotográfico "San Martiño" de Couso.

Domingo, 25 de abril, 12'00 h

Domingo, 2 de maio, 10'00 h

I Maratón Fotográfico "San Martiño de Couso"

Concurso fotográfico consistente en facer un número de fotos nun tempo determinado sobre temáticas decididas polos organizadores, ás veces coñecidas de antemán polos participantes e ás veces comunicadas no momento.





**Exposición sobre a vida de Xaquín Lorenzo ("Xocas"), homenaxeado no Día das Letras Galegas
Exposición de aparellos de labranza e da casa rural**

Exposición sobre a vida e obra de "Xocas" que inclúe unha exposición de aparellos de labranza e da casa rural.



14-17 de maio

2º TRIMESTRE 2004

<p>29-30 de maio</p>	<p>Exposición de Pintura</p>  <p>Exposición de pintura de autores noveles, persoas que, aínda sen ser profesionais, xa teñen experiencia en participar en exposicións.</p>
<p>Rastreo</p>  <p>Actividade consistente en esconder algunha cousa nos arredores e dar pistas (máis ou menos boas) para atopala. Pode transcorrer parte de día e parte de noite.</p>	<p>Domingo, 20 de xuño</p>
<p>23 de maio 13 de xuño</p>	<p>Sendeirismo</p>  <p>Saídas de sendeirismo para coñece-lo noso entorno: Pianista, Faro de Budiño, Sendeiro das Greas, Guláns, San Cibrán, Muíños de Atios, Histórico de Mos e outros.</p>
<p>Curso de Arte Floral</p>  <p>Curso de Arte Floral como continuación dos desenvolvidos na área de manualidades.</p>	<p>5 de xuño 12 de xuño 19 de xuño</p>

Actividades realizadas

Domingo, 8 de febreiro, 9'30 h: 12-15 participantes. Percorrido polos principais puntos de interés de Couso. Ó longo da mañá visitamos pozas, fontes, muíños, pedras senlleiras, áreas recreativas, cruceiros, etc. co fin de localizalas súas coordenadas e poder representalos nun mapa. Esta información foi enviada ó Concello de Ponteareas en resposta á súa solicitude de colaboración na localización destes lugares cara á súa inclusión no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), actualmente en fase de elaboración.

Domingo, 22 de febreiro, 16'30 h: Elaboración dunha carroza para asistir ó carnaval en Guláns, acadando un máis que honroso segundo posto.

Domingo, 29 de febreiro: Disfraces e postres típicos do carnaval. Este ano disfrazouse máis a xente maior que a xente nova. Abundancia de orellas.

Sábado, 6 de marzo, 16'30 h: Charla impartida por D. Manuel Toucedo, arquitecto do Concello de Mos, sobre a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a elaboración do PXOM. Asistiron 15 persoas e, despois dunha exposición sobre as liñas xerais da Lei, abriuse unha rolda de preguntas sobre o tema que foron respondidas polo poñente.

Grupos de Teatro: Están a preparar novas obras e lembrando outras que xa se representaron, de forma que aqueles que xa participaron nelas poden volver a intentalo. Invítase a tódolos interesados no teatro a participar.

Tamén vos informamos de que temos solicitado axudas convocadas pola Deputación Provincial de Pontevedra para o arranxo do teito da Casa Cultural, poñendo en coñecemento do Alcalde de Ponteareas a situación na que se atopa o mesmo.

Convocadas tamén pola Deputación solicitamos axudas para as actividades culturais programadas para o 2º trimestre do ano.

Foi solicitado á Comunidade de Montes que se fixera cargo dos gastos fixos de mantemento da Casa Cultural, xa que é de uso común para tódalas entidades do pobo.

PARTICIPADE:

Para facerse socios só hai que poñerse en contacto con algún membro da Directiva da Asoc. Cultural.

Podedes achegar tódalas vosas colaboracións e deixalas no buzón da Casa Cultural ou darllas a calquera membro de Directiva